



(Ref. 15388/RX1712585-03/07/2017)

**ASUNTO: Reiteración solicitude información** (actuacións control xabaril Dodro)

En resposta á súa solicitude de información de data 03/07/2017 (registro 15388/RX1712585 ), indicarlle que a información relativa ao asunto de referencia dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, substánciase no informe evacuado o día 09/06/2017 polo servizo de Conservación da Natureza da xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na Coruña e que xa lle foi remitido con data do 21/06/2017 (Saída 6981/RX 939993), ao tratarse dunha actuación cuxa autorización compete, por razón do territorio, ao citado departamento.

Non obstante, informarlle que se o considera oportuno, poderá vostede exercer o seu dereito de acceso ao citado expediente de autorización, e que , no exercicio deste dereito, poderá acceder a aquelas partes do expediente que non se vexan afectadas polo establecido no artigo 13 da *Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.*

Co obxecto de garantir que a persoa funcionaria encargada de facilitar o acceso poida atendelo debidamente, de ser o caso, deberá vostede concertar unha cita previa no teléfono 981 184839 (Xefatura Territorial da CMAOT da Coruña), cun mínimo de 24 horas de antelación

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017.

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Susana Cuesta Fariña

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Aptdo de Correos nº 330

15780 Santiago de Compostela

**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/07/2017 11:25:38

SAÍDA 8076 / RX 1069680

